

ADAGIO

As palabras teñen un enorme poder, de feito, son unha das claves da humanidade. As palabras permitíronnos medrar, aprender, transmitir ideas e sentimentos. As palabras poden pintar mil e unha realidade, crear mundos enteiros, e somerxernos neles. Poden ser doces, eufóricas, apaixonadas e curiosas, incluso misteriosas. Pero as palabras tamén son letais, violentas, frías e tenebrosas, egoístas, están furiosas. As palabras constitúen todo un universo... pero abarcan o noso? Que ocorre cando se esgotan? Se algo sei, é que hai cousas que non están limitadas polas palabras, sentimentos que xamais poderían pintar e sensacións que nunca conseguirían oír. As palabras son poderosas, pero hai algo que o é aínda máis. Ou non?

Pianíssimo

- Non. Non. Para. Para por favor!

Silvio estaba desesperado. Coma sempre que se enfadaba comigo, colocou ben os lentes co dedo índice, porque estes xa lle estaban a esvarar polo nariz cos fortes movementos de negación que facía coa cabeza. Eu tamén estaba desesperado, o moito que me esforzaba e as horas que lle dedicaba ao violín nunca eran suficiente para que Silvio lle dese o visto bo á miña interpretación.

- Perdón. Comezarei de novo – dixen mentres separaba lentamente o arco das cordas do meu violín.
- Non quero que comeces de novo. Quero que pares. Só teño unha pregunta. Antón, que é unha melodía?
- Pois unha melodía é unha combinación de...
- Non. Non continúes. Esa resposta xa é errónea. Quero saber que é unha melodía, a túa melodía. Antón, pregúntocho de novo: que é unha melodía?

Mezzo-piano

Ao longo da miña vida nunca se me deron ben as respostas, e aínda menos as que corresponden a preguntas con trampa. Aquel día, Silvio deixoume cunha sensación estraña no corpo. Non sabía a que se refería, mais atopar a resposta era algo que me intrigaba considerablemente. Eu adoitaba dar respostas simples, sinxelas, o primeiro que me viña a mente. Daquela, a miña concepción do mundo non me permitía afondar na pregunta, entender as mensaxes ocultas.

Eu só sabía unha cousa: que o meu pai era violinista e a miña nai pianista. Sabía que o meu avó fora un violinista excepcional, que fixera un bo negocio tocando para os máis ricos e cando estaba no máis alto da súa carreira coñeceu á miña avoa. Ela era cantante, tiña unha desas voces tan doces que son capaces de comover ao máis frío dos corazóns, de desarmar a máis dura das coirazas e facer xermolar o amor onde antes só existía escuridade e frialdade. O que eu sabía era que a miña familia sentía verdadeira paixón pola música, pero eu? Eu non sabía que sentía. Dende ben pequeno o meu avó me levaba ao seu despacho e me poñía o violín nunha man e o arco na outra. Eu nunca sabía como comezar, tiña que agardar a que el decidise que era o momento adecuado, pero moitas veces ese momento non chegaba. Cando lle preguntaba por que ese día non me deixara tocar o violín, el simplemente me respondía que ese non era o meu día.

Eu sabía que a miña familia era unha familia de músicos e, en consecuencia, eu era músico. O que non sabía era se compartía con eles a paixón da que tanto me falaban sempre. Eu desexaba voar, ser libre, decidir pola miña conta e deixarme levar como as follas caídas polo vento. Eu quería espertar, reinventarme e coñecer por min mesmo o que era a paixón. Ese sentimento que din que o abrangue todo, que arde tan forte no corazón e nas entrañas que nin a xeadas máis frías sería capaz de derreter, que o levas dentro e non podes vivir sen el, pero el sen ti tampouco.

Quería sentir esa paixón, pero non sabía se sería suficientemente forte. As críticas do meu avó sementaran grandes dúbidas en min, causaran estragos na miña confianza e provocaran feridas permanentes. As súas palabras cravábanse na miña pel coma coitelos, e a súa mirada de desaprobación inundara a miña infancia con lágrimas que ata entón eu cría necesarias. Os nenos son como a plastilina, e a forma que lles deas determinará a clase de adulto no que se converterán, pero os golpes causan deformacións que só o tempo é capaz de reparar.

In crescendo

Cando cheguei á miña casa despois de que Silvio formulase a súa pregunta pasei horas reflexionando, pero non atopaba a resposta. Baixei ao salón e atopei ao meu pai lendo. El, ao contrario que o meu avó, sempre mostrara o seu apoio cara min, e desexaba máis que ninguén que triunfara na vida, pero que ante todo fose feliz. O meu pai reparou na miña presenza e ofreceume un dos seus sorrisos, iguais que os da miña avoa: curadores.

- Ola fillo! Estaba a ler... Espera, como chegaches tan cedo? Non rematabas as clases ás oito e media? Xa sabía eu que ese Silvio...
- Deixoume saír antes. Non hai ningún motivo especial... creo que tiña unha urxencia

A expresión na súa cara volveu a ser a risoña de sempre. Dende que o meu avó morrera un ano atrás o meu pai encargárase de asegurar o legado da familia. Como xa non tiña mestre, apuntoume á máis prestixiosa academia de música de toda a provincia de Pontevedra, pero el sempre fora partidario de ensinarme el mesmo. O problema era que nunca tiña tempo. Eu, cos once anos que tiña entón, limitábame a facer canto me mandaran e deixar ao meu pai tempo para o traballo, pero aquel día a curiosidade pesaba máis que calquera outra cousa.

- Papá, como sabes que a música é a túa paixón? Como o sabía o avó? – el levantou as cellas e pechou rapidamente o libro, coma se levase anos agardando aquela conversa.
- Ti que cres? – outra pregunta trampa, pensei.
- Non sei, por iso pregunto.
- Eu non o sabía. Non o souben ben ata que a miña vida mo ensinou. Xa sabes como era o avó contigo... comigo non era diferente
- Non entendo o que queres dicir.
- Estás disposto a escoitar?

Mezzo-forte

Calquera paso que teñas dado eu xa o din antes, calquera lágrima que teñas chorado eu tamén a chorei, calquera sono do que teñas espertado, eu espertei primeiro. Meu fillo, do mesmo xeito, calquera dúbida que teñas, eu tamén a tiven. Como ben sabes, o avó foi un violinista único no seu tempo, pero el non foi o primeiro. Hai alguén de quen nunca che falaron, porque o teu avó deu na teima de borrar da nosa memoria... pero eu lémbrome perfectamente dela, e a ela lle debemos todo, absolutamente todo.

Margarida Da Silva era unha fermosa rapaza de cabelos louros e ollos verde zafiro. A súa familia, orixinal de Oporto, era propietaria dunha importante bodega á beira do río Douro, en Vilanova de Gaia. É de coñecemento popular que o poder é envexado, pretendido por todos, pero só está ao alcance duns poucos. O que non moitos saben, é que o poder non sempre é amado, e moito menos buscado. Margarida era moi coñecida e desexada en toda Vilanova de Gaia, e á outra beira do Douro, en Oporto, tamén. Pero moitas veces o que ela quería saber era se todos aqueles que dicían amala e estar dispostos a dalo todo por ela realmente a desexaban a ela.. ou ao poder.

O poder é coma unha máscara, que cubre o teu rostro para deixar ver unha fachada que todos queren, que todos ansían. Pero esa máscara, se non a sabes manexar, pode rematar por ocultar a

túa propia personalidade. Absorbe o que realmente es, e ao final só queda a máscara, nin rastro do teu rostro.

Margarida Da Silva non só era unha muller fermosa, senón tamén intelixente, e valente. Intelixencia e valentía son dúas das cousas que a xente non confesa envexar publicamente, pero é o que realmente forma a unha persoa, o que lle dá sentido a todo. Ela non quería o poder, non quería herdar o negocio da súa familia nin converterse nunha das mulleres máis ricas da comarca. Ela era coma ti, Antón, desexaba ser libre, voar sen límites e descubrir por si mesma a súa paixón. Era, sen dúbida algunha, unha muller diferente e especial.

Tal foi o seu desexo de liberdade que comezou a transitar as rúas ás que os seus pais se referían sempre como “dos pobres” ou “para incultos”. Ela tiña dentro unha necesidade de rebeldía que a levaba a entrar en todos aqueles sitios que eran absolutamente rexeitados pola clase social na que se movía, pero para Margarida o bar Aduela, o Café Vitória ou a tenda de antigüidades Armazém eran os lugares realmente auténticos. Alí medrou como persoa, aprendeu o que era a amizade e tamén foi onde unha tarde de primaveira de 1904 coñeceu a Martinho.

Stretto

Nunca se saberá se foi o destino, ou quizás a mala sorte, ou mellor dito... a boa sorte, a que levou ao pai de Margarida a pasar un día por unha das rúas que a súa filla adoitaba frecuentar, pola necesidade de chegar antes ao lugar onde ía pechar un cuantioso acordo cun novo cliente.

Quizais uns segundos terían sido suficiente para evitar os sucesos que se precipitarían a partir do momento no que Duarte Da Silva viu á súa filla entrar no Café Vitória, collida da man con Martinho. Aquela noite, Margarida chorou como nunca antes chorara. A decepción da súa familia ao descubrir o seu segredo causáballe unha moi profunda dor, pero máis aguda era a dor que lle producía a prohibición de non volver ao lugar que ela consideraba o seu fogar. A sensación de estar na casa estando moi lonxe dela é moito máis acolledora do que moitos poderían chegar a imaxinar, pero máis aínda pesaba a ausencia de Martinho.

Nos escasos meses que levaba con el, aprendera a amalo como non amara a ninguén. E non era amor no sentido romántico da palabra, senón admiración e lealdade, amizade. Era o único que comprendía á perfección o que ela máis desexaba, o que ela máis temía e botaba en falta, capaz de canalizar todos os seus sentimentos e magnificalos ata un punto que ela xamais imaxinara. Pero Martinho nunca falaba, non sabía falar. Margarida comunicábase con el como nunca ninguén o fixera antes, pero o máis curioso era que Martinho si que sabía cantar. “É a voz dos mesmos deuses”, dicían sempre del. Alá onde ía levaba consigo a harmonía, os anhelos, a esperanza.

Margarida Da Silva era unha muller intelixente, intelixente e valente. Á noite seguinte non chorou, senón que colleu o máis necesario, algúns cartos e marchou da súa casa en Vilanova de Gaia para non volver máis.

- Nunca máis nos dirán o que temos que facer, iso xa rematou. Sempre busquei a liberdade e agora a buscarei pola miña conta. Quero proxectar os meus sonos nun firmamento de realidade, crear estrelas de ledicia e mergullarme nun mar de amor. Quero ser desexada pero non polo poder, senón pola miña felicidade. escoitar e que me escoiten, que che escoiten a ti, Martinho. Imos escapar xuntos, ti e mais eu... contra o mundo.

Martinho, que non sabía falar, non respondeu á única muller que sabía amar, pero entoou aquela melodía de Beethoven, a súa favorita, a novena. Así, mentres Martinho acompañaba a apresurada fuxida cunha canción nada apresurada, Margarida e mais el pagaron a un comerciante que estaba de paso por Oporto para que lles levase a onde fose que se dirixise.

Allargando

O comerciante resultou ser un home galego que fora a Portugal en busca de novos horizontes para o seu negocio. El procedía de Vigo, pero había parar en Ourense antes para falar con outros clientes. El, ao igual que Margarida, podería pasar horas escoitando a Martinho cantar e entoar as mil e unha cancións que coñecía.

- É increíble. Cada vez que abre a boca provócame uns calafríos que nin a miña esposa cando se achega a min coa libreta das contas na man.
- Xa ves, a min cativoume instantaneamente a súa voz, pero non sabe falar. Curioso, non?
- Non todos nos comunicamos da mesma maneira. Non lle podes pedir a un xordo que escoite, nin a un mudo que fale, nin a un cego que vexa... nin a un Martinho que fale.
- Pero se pode cantar debería ser capaz de falar, ou non?
- As palabras están sobrevaloradas rapaciña, algún día o comprenderás. Mira, na cidade onde vivo teño algúns amigos aos que a voz de Martinho lles resultaría extraordinaria. Eles son grandes músicos, e andan a buscar unha voz así. Chámanse Brais e Xosé Castro.
– O comerciante colleu un pequeno anaco de papel e escribiu algo nel – Aquí tes o seu enderezo, eu podo poñervos en contacto con eles, pero por se as moscas.

Margarida agradeceu a axuda do comerciante e se despediu del ata que rematase a reunión co cliente. Agardaron minutos, horas, días e finalmente tras unha semana chegaron á conclusión de que o comerciante non volvería. Non sabían como saír adiante en Ourense, sen máis recursos que a voz de Martinho, pero comezaron a tocar en público para conseguir os cartos necesarios para chegar a Vigo, aquel lugar onde, se non lles mentira, o comerciante tiña uns amigos que lles poderían ofrecer un traballo.

Despois de pasar un mes en Ourense, un día a rapaza, mentres Martinho cantaba para un público que cada vez medraba máis e atraía máis miradas curiosas, atopou un xornal no chan que a deixou de pedra. O motivo polo que o comerciante non aparecera era que o home co que se tiña que reunir non era un cliente, senón un vello investidor que nunca recibira de volta os seus cartos. “Asasinato por axuste de contas” foi o nome que o xornal lle deu á morte daquel pobre home. Pero Margarida estaba cada vez máis decidida a loitar, loitar ata lograr o futuro que merecía.

Fortíssimo

Non foi sen tempo e dedicación, que Martinho conseguiu mellorar a súa técnica, se iso era posible. Cada día que pasaba, os ollos da xente que o escoitaba amosaban máis e máis ledicia, tranquilidade en estado puro, harmonía. Margarida, canto máis o escoitaba, máis unida se sentía a el, era indescribible, coma se toda a súa vida só tivese sentido se acababa con ela escoitándoo cantar o resto da súa vida. Era unha paixón verdadeira. Pero a melodía de Martinho foi capaz de atraer a un rapaz co mesmo espírito de liberdade que Margarida, Bernardo Valladares.

Bernardo caeu rendido ante a sintonía de Martinho, mais namorouse perdidamente de Margarida, e ela tamén del. Bernardo era un grande amante da música, e admiraba o traballo dos rapaces. Xa comezaba 1906 cando Bernardo, Margarida e Martinho, unha vez reunidos os cartos necesarios, marcharon para Vigo. Tal e como o comerciante propiciara case dous anos atrás, os irmáns Castro recibiron con entusiasmo á voz de Martinho no seu novo proxecto.

Uns anos despois, Margarida e Bernardo casaron e Martinho continuou a súa carreira ata chegar ao máis alto, cantando para a alta sociedade europea nos eventos máis exclusivos, pero sempre acompañado da súa eterna amiga, que finalmente lograra atopar a súa liberdade.

Piu lento

- Papá, non sei que acabas de inventar pero esta historia non ten sentido ningún

O meu pai sorriu misteriosamente e nese momento caín na conta de que me enganaran por terceira vez no mesmo día... que digo! Na mesma tarde.

- Ti cres que é certa?
- Ben, se me querías facer perder o tempo conseguíchelo. Eu non che volvo a facer caso en nada... sempre estás coas túas historias raras.
- Todo canto che contei é certo, se o sabes mirar adecuadamente
- É imposible que Martinho soubese cantar se non podía falar, e como ía casar Margarida con Bernardo! Está claro que o seu amor verdadeiro era Martinho, ti mesmo dixeches que sentía paixón por el. Nada do que dis ten explicación.
- Ai filliño! Non che di nada o apelido de Bernardo? Mellor dito, como te chamas ti? Antón Valladares. – a miña cara de sorpresa debía ser espectacular, pois o meu pai comezou a rir- Queres que che presente a Martinho?

O meu pai saíu apresuradamente do salón e regresou co vello estoxo do avó, no que gardaba sempre o seu ben máis prezado, o seu violín. Sacou o violín do estoxo e deixoumo coller, eu nunca o tivera nas miñas mans, pero o primeiro que vin foi unha M gravada nun lateral.

- M de Martinho?
- E de Margarida. A miña avoa, Margarida Da Silva, a túa bisavoa. A mellor muller violinista de toda Europa. Toda unha eminencia na súa época, pero por motivos estraños o teu avó nunca quixo contarche a súa historia. Para el é unha vergoña que se coñeza a deshonra da súa nai, a fuxida dunha muller tan poderosa. Pola contra, a min me enche de orgullo, ela mesma ensinoume a tocar, pero non me contou a súa historia case ata o final.
- Entón, todo era certo? Ela loitou pola liberdade?
- Ela era a liberdade. Antón, preguntáchesme como souben que a música era a miña paixón, como a descubrín. Cando era un mozo, non sabía para nada que era a paixón. Sabía que me gustaba tocar o violín, pero algo fallaba. O teu avó non me sabía inspirar. Despois a miña avoa contoume a súa historia do mesmo xeito que eu cha contei a ti, marchei a estudar a Santiago e fixen novas amizades, paseino ben con eles e un día coñecín á túa nai, comecei a saír con ela e despois ti chegaches á miña vida. Entón, xuntando todos eses momentos, apareceu a miña paixón pola música, entendes?

Poco a poco dim e rall

Son os momentos, a vida, os sentimentos, a rabia, a ledicia, a furia, a euforia, a altura, a calor, o frío, a tempestade, o vento, a quietude, o odio, o amor. A paixón non a buscas, ela chega a ti. Cada momento da nosa vida é unha pequena harmonía, un pequeno acorde, matiz, compás ou incluso un silencio que constrúe a melodía da nosa vida. É un poder infravalorado o de falar coa música, canalizar todos os sentimentos e sensacións e levalos ao punto máis álxido, exteriorizar todo o que levas dentro e poder transmitirllo aos que te escoitan. É unha melodía, todo, e eu entendín ese día a clave da miña liberdade, a mesma que a da a miña bisavoa.

Entrei no estudo de Silvio ao día seguinte, decidido. El seriamente limitouse a formular a mesma pregunta que o día anterior.

- Antón, que é unha melodía?

Eu, cunha ledicia que ía explotar no meu exterior, collín o arco e poseino suavemente sobre as cordas de Martinho. Sen saber moi ben como o facía, pois apenas ensaiara aquela peza a noite anterior na miña casa, comecei a tocar o Adagio de Tomaso Albinoni, a primeira de moitas veces.